

## Anexo 1 no Plan de Convivencia

### Plan de traballo do coordinador de benestar e convivencia

#### a) **Introdución, con unha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo**

As modificacións que a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro fai da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, inclúe no artigo 124.5 a implantación en tódolos centros educativos, independentemente da súa titularidade, da figura de Coordinador de benestar e protección. Posteriormente, a Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia, refire no seu capítulo 35.1 a obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, teñan unha persoa coordinadora de benestar e protección do alumnado.

Antes do comezo do curso 2023/24 e para dar resposta ás esixencias da lexislación anteriormente citada, publícase a Orde do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. Esta orde ven a complementar as dúas principais normativas sobre convivencia da nosa comunidade educativa, a saber; a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Segundo a citada Orde do 23 de agosto de 2023, a persoa coordinadora de benestar e convivencia, que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro docente, terá as seguintes funcións:

- 1) En coordinación co equipo directivo:
  - a. Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
  - b. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial, de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
  - c. Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro e no seu entorno.
  - d. Informar ao persoal do centro sobre protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma
  - e. Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idades, a comunicación inmediata por parte do centro educativa ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
  - f. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas

titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- g. Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- h. Promover en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

2) En coordinación co Departamento de orientación:

- a. Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia así como da cultura do bo trato, coordinado actuacións, a realizar no centro e dende a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura da paz.
- b. Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relacións.
- c. Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- d. Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo de comunicación nos casos legalmente previstos
- e. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar

3) En coordinación coas asociacións de nais e pais

- a. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección na infancia e na adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza a función de tutela, garda ou acollemento

**b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto dos ámbitos das súas funcións**

O CPI Armando Cotarelo Valledor é un centro rural con menos de 150 estudantes divididos en unha clase mixta de Educación Infantil, unha clase mixta con 1º e 2º de Educación Primaria, unha clase mixta de 3º e 4º de Educación Primaria, e unha clase para cada un dos seguintes cursos: 5º EP, 6º EP, 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO.

O centro recolle alumnado de moitas parroquias de, especialmente, tres concellos diferentes; Boimorto, Sobrado dos Monxes e Vilasantar, existindo tamén estudantes de Arzúa, de Curtis e de outros concellos próximos. Debido a esta dispersión xeográfica, para moitos dos rapaces e rapazas, especialmente aqueles mais novos, o centro educativo transfórmase non so no principal, tamén no único entorno de socialización con pares. É por iso que o que ocorre no centro a nivel social, ten para elas e eles especial relevancia no seu benestar.

Ademais, un feito a ter en conta é que nos últimos anos, está sendo moi frecuente que ao longo do curso se incorporen ao noso centro bastante alumnado procedente de países estranxeiros,

principalmente dende Sudamérica (Venezuela, Perú, Paraguai...) e de Marrocos. Isto supón un esforzo especial no relativo á súa integración, especialmente para aquel alumnado que non comparte lingua con nos.

Outro feito relevante é a actualmente pouca participación, en termos xerais, das familias como membros da comunidade educativa, no día a día do centro.

### c) **Obxectivos, nos que se especificarán indicadores**

Partindo de esta casuística, e para este primeiro curso, estableceranse unha serie de obxectivos básicos:

<b>Obxectivo</b>	<b>Indicador</b>
Elaborar un Plan de acollida, cun protocolo de actuación para a acollida co curso xa comezado de alumnado novo	O Plan está elaborado antes de que remate o curso
Establecer actividades periódicas reguladas para o tempo de lecer, para favorecer a inclusión de aquel alumnado menos integrado.	Polo menos 3 actividades regulares organizadas por docentes e/ou familias (club de lectura, patios dinámicos, torneos de xogos de mesa...)
Aumentar o número de actividades para as familias	Polo menos 5 actividades nas que participen as familias, con unha presencialidade de aproximadamente o 25% das familias convocadas
Actualizar o plan de convivencia, para unificar as actuacións ante problemas de conduta, tratando de que parta dun enfoque mais restaurativo.	Modificar o plan durante o curso.
Establecer reunións de coordinación, información e seguimento do plan de convivencia, e do plan de benestar co equipo directivo.	Polo menos dúas reunións ao mes entre o coordinador de convivencia e o director, da que se recollerá acta.
Incluír no Plan de Acción Titorial contido en tódolos cursos da ESO tanto sobre Intelixencia emocional como sobre Habilidades Sociais	Polo menos dúas sesións en cada curso dedicadas a Intelixencia Emocional e polo menos outras dúas dedicadas a Habilidades Sociais

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, no seu caso, de difusión.

O plan será revisado e, se procede, actualizado ao longo de todo o curso, co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade cambiante tanto do centro como do propio curso escolar.

Ao finalizar cada trimestre, valorarase cada unha das accións propostas, establecendo mediante unha escala en que punto nos atopamos en cada unha delas:

- a. Sen comezar
- b. Comezadas e en proceso
- c. Completadas, pero requiren ser retomadas

d. Completadas

Durante as reunións de coordinación co director, realizarase tamén un seguimento sobre os obxectivos, avaliando en que grado se están alcanzando os indicadores propostos.

Ao final de curso, na memoria do plan de convivencia, incluírase unha proposta de mellora con aquelas accións que é preciso repetir o curso que ven, de igual maneira ou co modificacións, aquelas que precisan ser modificadas, e aquelas que non funcionaron e polo tanto non se volverán a repetir e aquelas que non se repetirán por terse alcanzado o obxectivo.